Campeonatos Provinciais Individuais Ourense 2022
"Xunta de Galicia"

Categorías de Sub-8 a Sub-18, (Clasificatorios para os Campeonatos Autonómicos 2022)

Poderán participar os xogadores **federados na tempada 2022 en clubs da provincia de Ourense**
(sempre que teñan nacionalidade española, bandeira FIDE española e ser seleccionables por Galicia)

Lugares de xogo e sedes:

Centro Cívico de "A Cuña" do Concello de Ourense *(R/ Dr. Peña Rey nº 18 – Baixo) – Locais do Concello de Ourense.*

Categorías, datas e sedes:

Categoría	Sede	Datas e horarios	Ritmo de Xogo
Sub- 8 (Desde 2014)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 29 de Xaneiro a partir das 10.15 h.	*20 min. xogador*
Sub-10 (Desde 2012)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Domingo 30 de Xaneiro a partir das 16.30 h.	*20 min. xogador*
Sub-12 (Desde 2010)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 29 de Xaneiro a partir das 16.00 h.	*20 min. xogador*
Sub-14 (Desde 2008)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 5 de febreiro a partir das 16.00 h.	*15+3 por xogador*
Sub-16 (Desde 2006)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 5 de febreiro a partir das 10.15 h.	*15+3 por xogador*
Sub-18 (Desde 2004)	Centro Cívico "A Cuña" – Concello de Ourense	Sábado 5 de febreiro a partir das 16.00 h.	*15+3 por xogador*

Sistemas de Desempate, (serán aplicados serán por este orden):

Bucholz brasileño (-1, peor resultado) / Número de victorias / Progresivo total.

Inscricións e plazos:

***(sub8, sub10 e sub12)**, Ata o Xoves día 27 de Xaneiro ás 22.00 horas, por email a: **traxerxadrez@hotmail.com**
***(sub14, sub16 e sub18)**, Ata o Xoves día 3 de Febreiro ás 22.00 horas, por email a: **traxerxadrez@hotmail.com**

Premios:

Os tres primeiros xadrecistas clasificados de cada categoría obterán trofeos dispostos polo club organizador.

De aplicación:

*Será **obrigatorio cumplir o PROTOCOLO FISIOCOVID-DXTGALEGO PARA XADREZ para competicións** (antes, durante e despois) para os deportistas participantes. En caso contrario, poderán ser dados de baixa no mesmo. (ver información completa en www.fegaxa.org)*

NOTA IMPORTANTE (Novidade): No espacio-salón da competición únicamente se permitirá a presenza dos deportistas, prensa, árbitros e membros da organización.

Organización, arbitraxes e dirección - Colaboran

Federación Galega de Xadrez e Club Deportivo Xadrez Ourense - Centros Cívicos Concello de Ourense

Aceptación e cesión de dereitos de imaxe:

Aceptación: Os delegados de cada club, país, nais, titores, e os deportistas inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus deportistas nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que se sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código civil, na Lei de Enxuizamento civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Cesión de dereitos de imaxe: A inscripción a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa a voluntaria á ORGANIZACIÓN a empregar gratuitamente os videos, imaxes e/ou audios nos que este interveña, incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de: Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte, ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo isto coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar ao dereito á honra nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo limitado. Esta autorización pode ser revocada en calquer momento polo interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estén en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimiento, non terá carácter retroactivo.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO